

**BO DÍA! LÉMBRASTE DESTA FICHA? REPASA OS CONTIDOS E A CONTINUACIÓN REALIZA OS EXERCICIOS DA PÁXINA 108 DO LIBRO DE TEXTO. MÁNDOCHE FOTO DO LIBRO, POR SE O DEIXACHES NO CENTRO, E O SOLUCIONARIO CORRESPONDENTE AOS EXERCICIOS**

### OS PRONOMES PERSOAIS

Os pronomes persoais son **palabras variables** en xénero, número e persoa, que empregamos para referirnos ás tres persoas do discurso ( a quen fala, a quen escoita e a aquela persoa ou cousa da que se fala).

### AS FORMAS DO PRONOME PERSOAL

Os pronomes tónicos son os que acompañan os verbos na conxugación (eu, ti, el...) e tamén aparecen acompañados de preposición e das conxuncións coma e ca.

#### 1. Formas tónicas:

	1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
	Suxeito	Con prep.	Suxeito	Con prep.	Suxeito	Con prep.
Singular	<b>Eu</b>	<b>Min Comigo</b>	<b>Ti Vostede</b>	<b>Contigo</b> Ti, Vostede	<b>El / Ela</b>	<b>Si Consigo</b> El, Ela
Plural	<b>Nós Nosoutros Nosoutras</b>	<b>Connosco</b> Nós Nosoutros Nosoutras	<b>Vós Vosoutros Vosoutras Vostedes</b>	<b>Convosco</b> Vós, Vosoutros, Vosoutras	<b>Eles / Elas</b>	<b>Si Consigo</b> Eles, Elas

Sobre o uso destas formas, debes de ter en conta o seguinte:

- As formas **vostede** e **vostedes**, aínda que son de 2ª persoa (refírense a quen escoita) concordan co verbo en 3ª porque son formas de cortesía: *Vostede é moi amábel ao dicir iso.*
- As formas do pronome de 3ª persoa **el (es) /ela (s)** contraen obrigatoriamente coas preposicións en e de: *Del non me fío, dela si.*

#### 2. Formas átonas

	1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
	C. Directo	C. Indirecto	C. Directo	C. Indirecto	C. Directo	C. Indirecto
Singular	<b>Me</b>		<b>Te</b>	<b>Che</b>	<b>O LO (-r, -s) NO (ditongo) A</b>	<b>Lle</b>

				LA(-r, -s) NA (ditongo) Se	
Plural	Nos	Vos		Os (los, nos) As (las, nas) Se	Lles

- a) Cando van colocadas despois do verbo escríbense pegadas a el, formando unha soa palabra a nivel de acentuación. Así, por exemplo: **Díxome** que non viña.
- b) Truco para saber se hai que usar TE ou CHE: PASA A SECUENCIA A 3ª PERSOA DE SINGULAR FEMININO; SE SAE “LLE”, USA “CHE”; SE SAE “A”, USA “TE”  
Exemplo: Vinche ou vinte pola rúa----- VINA POLA RÚA----- VINTE

## 2.1 A colocación dos pronomes átonos

### a) NUNCA COMECES UN ENUNCIADO CUN PRONOME ÁTONO!!!!

Exemplo: ~~Me dá~~s unha mazá? NON É CORRECTO. Dásme unha mazá? É CORRECTO!

### b) Xeralmente o pronome vai colocado despois do verbo pero hai unha EXCEPCIÓN:

- Que e porque:

Compara: Sei**no** eu

É así **porque** ← **o** sei eu

- Enunciados negativos:

Compara: Déix**o** ver

**Non** ← **cho** deixo ver

- Cláusulas desiderativas (expresan un desexo):

Compara: Vere**ite** pronto

←  
**Oxalá te** vexa pronto

- Cando antes do verbo hai un adverbio:

Compara: Avisá**racho**

**Xa** ← **cho** avisara

- Un pronome interrogativo ou exclamativo:

Compara: Quería**o**!

**Canto** ← **o** quería!

- Cando antes do verbo hai algún pronome indefinido:

Compara: Quéren**lle** ben

**Todos** ← **lle** queren ben

- Nas perífrases verbais ten liberdade de colocación:

Heicho de dar

Hei de cho dar

Hei darcho

## Actividades

## 1. Encontra os pronomes persoais neste texto e indica se son tónicos ou átonos.

O que máis che agradecería agora –comezou a falar o Fornadas– era que me botases as mans á gorxa e me esganases aquí mesmo. Xa sei que ti dirás que non teño máis que matarme e conto resolto, mais non che é tan doado, xa verás. Ti sabes, coma todos, que eu matei a vella e que a fomos queimar no forno da Escavanada. E sei que fun eu o que a matou porque, aínda que todos lle demos golpes e pancadas, ela si que sabe quen a matou e aínda hoxe mo segue a facer pagar a min.

Xabier P. Docampo:  
*Cando petan na porta pola noite.*

## 2. Troca as expresións entre parénteses por pronomes persoais átonos.

- Sabe (a ti) ben así ou boto (á comida) máis azúcar?
- O helicóptero deixou (a eles) no cumio da montaña.
- Xa marcharon, mais deixaron (a vós) unha nota.
- Viches (a Catarina) hoxe?
- A profesora utilizou (un bolígrafo vermello) para corrixir (os problemas).

3. Coloca *te* ou *che*.

- Aseguro..... que foi así!
- Non ..... vía desde había bastante tempo.
- Penso que xa ..... comuniquei o resultado.
- Quen ..... dera!
- Quéro..... moito, miña rula.

## 4. Substitúe as secuencias destacadas polos pro

- Os me raxe.

- Deixou

- Xa nos meu p

- Facilitá

## 6. Pon o pro explica a

- Sempre seu car

- ..... g extrater

- Non ....

- ..... ma

- O demo

## 7. Coloca artigos contraccións

- ..... arreg
- deixouno

**SOLUCIONARIO**

- Exercicio 1. No texto atopamos os seguintes pronomes:

ÁTONOS

O que

che agradecería

me botases

me esganases

matarme

che é tan

a fomos

o que a matou

mo (me+o) segue

TÓNICOS

ti dirás

Ti sabes

eu matei

fun eu

a min

- Exercicio 2:

- A) Sábe**che** ben así ou bótolle máis azucre?  
 B) O helicóptero deixouno no cumio da montaña.  
 C) Xa marcharon, mais deixáronvos unha nota.  
 D) Víchela hoxe?  
 E) A profesora utilizouno para corrixilos.

- Exercicio 3:

LEMBRA: Para sabermos que se debe usar, pasamos a **3ª persoa de singular feminino**, e xa vemos claro que pronome convén. Se na substitución **APARECE LLE, TOCA USAR "CHE"**. **SE APARECE "A", TOCA USAR "TE"**

Exemplo: Aseguro..... que foi así!

**"Asegúrolle que foi así!"** OU **"Asegúroa que foi así!"**?????----- A primeira opción é a CORRECTA, así que debemos usar CHE:

Asegúro**che** que foi así!

- A) Non **te (a)** vía desde había bastante tempo  
 B) Penso que xa **che (lle)** comuniquéi o resultado  
 C) Quen **che (lle)** dera!  
 D) Quéro**te (a)** moito, miña rula!